



Expediente IET: P-21-672
Proxecto: Parque eólico Xesteirón
Concello: Chandrea de Queixa e Montederramo (Ourense)
Promotor: Greenalia Wind Power

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 22/09/2021 o Servizo de Enerxía en Minas de Ourense somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Xesteirón.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Xesteirón de 45 MW de potencia, composto por 10 aeroxeradores, unha subestación transformadora, unha torre meteorolóxica e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións). Os aeroxeradores terán 4,5 kW de potencia nominal, unha altura de buxe de 120 m e 160 m de diámetro de rotor. O edificio de control terá unhas dimensións 245 m². Os camiños terán un ancho mínimo de 5 m e unha lonxitude total 6.592 m.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico no que se inclúe unha diagnose do estado actual, as características principais do proxecto, o impacto previsto sobre a paisaxe, a xustificación de como se incorporaron os obxectivos de calidade paisaxística e medidas preventivas e correctoras para acadar a integración paisaxística.



3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Serras Surorientais, na comarca paisaxística de Terra de Trives. Compre salientar principalmente a proximidade a tres AEIP ao sur do parque eólico, a AEIP-02-07 Río Edreira e Queixa situada a 2,5 km do aeroxerador máis próximo, a AEIP-02-08 Serra de Queixa a 3,5 km e a AEIP-02-06 Alto de San Mamede – Biudeiral de Montederramo a 5 km. Tamén hai que subliñar a proximidade ao LEIP Encoro de Chandrexo de Queixa situado a 1,2 km ao sueste. Máis afastado, a uns 8 km, aparece o miradoiro de San Mamede

A infraestrutura atópase ao sur da serra do Burgo que se caracteriza por contar cunha topografía máis suave e con cumios de menor altitude que os de serra de Queixa ou serra de San Mamede situadas ao sur da mesma, con picos de ata 1781 m e cunha orografía moito máis abrupta. Deste xeito, os aeroxeradores localízanse en altitudes comprendidas entre os 1.100 e os 1.175 m. Os aeroxeradores organízanse en dous eixos paralelos con orientación nordeste – suroeste atopándose no medio de ambos un afluente do río de Rabal, e ao sur numerosos regos que rematan no encoro de Chandrexo de Queixa. O ámbito no que se localizan as infraestruturas conta cun parcelario eminentemente agrario con orladuras de frondosas e boa parte dos mesmos, mesturándose con afloramentos rochosos e matogueira nas zonas máis afastadas dos núcleos rurais, con pequenas plantacións forestais diseminadas pola contorna. Os núcleos máis próximos son o de Suspiazo e San Fiz a uns 750 m, aparecendo a distancias de entre 1 e 2 km un bo número deles como son O Candedo, Casteloais Acevedo Rabal, Garduñeira, Cadeliña, Laza ou Paredes entre outros. As principais vías de comunicación son a OU-0602 ao suroeste e a OU-0601 ao leste.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP conta cunha diagnose do estado actual apoiándose no Catálogo das paisaxes e analizando a visibilidade do mesmo, fai unha caracterización do proxecto así como a estimación dos impactos e as medidas preventivas e correctoras, ao tempo que xustifica como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre meteorolóxica en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. Ademais, a instalación do parque provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios, ao introducírense elementos novos na paisaxe visibles dende a contorna e sobre todo dende as Áreas de especial protección paisaxística situadas ao sur do mesmo. Por outra banda, segundo a web do Rexistro eólico de Galicia, nun radio de 10 km aparecen varios parques autorizados e outros en explotación, dos cales o aeroxerador máis próximo sitúase a uns 700 m do PE Xesteirón, o que contribuirá negativamente polo efecto acumulativo dos mesmos.

Outros importantes impactos producidos, ademais dos visuais, derivan da realización de novas pistas sobre afloramentos rochosos e muros tradicionais existentes na contorna. Lévese a cabo un estudo destes elementos de valor paisaxístico no proxecto así como alternativas para unha menor afección aos mesmos pero pola contra nas posicións AE06 e AE07 segue producíndose un forte impacto, non so polos propios aeroxeradores se non tamén polo camiño de servizo que os comunica.

5. Conclusión:

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe producíranse debido á intrusión visual na contorna e a incidencia acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades, algúns deles localizados a curta dis-





tancia do proxecto. Ademais pode supor un deterioro dos elementos naturais e construídos nalgunhas zonas de implantación da infraestrutura.

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido se axusta ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Con todo deberán terse en conta as seguintes indicacións:

- Deberase estudar a posibilidade de eliminar ou desprazar a outras localizacións as posicións AE06 e AE07 así como o seu camiño de servizo, a fin de conservar os elementos de valor paisaxístico da zona como son os afloramentos rochosos e os peches tradicionais (DX.17.a).4) Para elo aproveitaranse ao máximo os camiños existentes tal e como se recolle na Directriz de paisaxe DX.20.f.
- Para o edificio de control, debido ao tipo de edificación que constitúe, é dicir, instalación de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de ser necesario, dispoñase unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coa directriz de paisaxe DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Enrique Luís de Salvador Sánchez

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

